



**FRANCISCO CACHARRO GOSENDE**, secretario xeral da Deputación Provincial de Ourense,

**CERTIFICO:**

1º.- Que ao día da data, e desde o inicio do mandato 2015-2019, a Deputación Provincial non recoñeceu nin pagou ningún tipo de indemnización por cesamento a ningún dos cargos electos previstos no artigo 75 da Lei de bases do réxime local, nin a ningún cargo directivo aos que se refire a Disposición adicional 15ª da mesma lei.

2º.- Igualmente, faise constar que no réxime dos cargos indicados non está previsto ningún tipo de indemnización por cesamento, coa soa excepción da Dirección Xeral de Recursos Humanos, provista mediante contrato laboral de alta dirección, para a que está prevista, en caso de extinción do contrato por vontade da Deputación, unha indemnización equivalente a sete días de salario en metálico por ano de servizo, cun límite de seis mensualidades; en caso de despedimento improcedente a indemnización sería de 20 días de salario por ano ata un máximo de doce mensualidades, todo isto de conformidade co establecido no artigo 11 do RD 1382/1985, do 1 de agosto.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense, o trece de setembro de dous mil dezasete.

V. e pr.

O PRESIDENTE,

P.S. O VICEPRESIDENTE,